



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Exposición pública padróns provisionais, prestacións patrimoniais, servizos de abastecemento de auga potable e depuración, taxa sumidoiro e canon Xunta de Galicia 1º trimestre 2026 zona "B"

ANUNCIO

Aprobación dos padróns da taxa de sumidoiro, das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable e tratamento e depuración de augas residuais, así como do canon da auga da Xunta de Galicia correspondentes ao 1º trimestre do 2026 relativo ós inmobles sitos na Zona "B" (Parroquias de Oleiros, Perillo, Maianca, Serantes, Dexo e Urbanización dos Regos).

ÓRGANO E DATA DE APROBACIÓN: Resolución da 1ª Tenente de Alcalde-Delegada de Economía e Facenda núm. 2026002571 de data 12 de maio do 2026.

LUGAR E PRAZO DE EXPOSICIÓN (artigo 102.3 da Lei 58/2003): Facenda Local (Avda. Francisca Herrera, 3-Oleiros). Prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

PRAZO DE INGRESO EN VOLUNTARIA: Do 1 de maio do 2026 ao 30 de xuño do 2026. Transcorrido o prazo de ingreso en voluntaria sen que se efectúe o ingreso, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas de exacción que procedan. A esixencia do canon da auga pola vía de constrinximento, realizarase pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS CONTRA AS LIQUIDACIÓNS DE TAXAS DE AUGA E SUMIDOIRO: Recurso de reposición ante esta Alcaldía no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

RECURSOS CONTRA AS LIQUIDACIÓNS DE CANON DA AUGA: Reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón.

Oleiros, a 13 de maio do 2026

A 1ª Tte. Alcalde-Delegada de Economía e Facenda

Asdo.: Mª. José Varela Neira

2026/3112